



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 09 DE ABRIL DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00015372C.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00012212B.

Solicitud de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade , de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG Nº 49, DE 12 DE MARZO DE 2021)

Acórdase solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM), previsto no artigo 8 da *Resolución do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2021.*

En concreto, acórdase solicitar a cantidade de **45.000 euros** ao abeiro do Programa de apoio ao CIM. 30.667 euros serían para o exercicio 2021 e 15.333 euros para o exercicio 2022.

Esta solicitude de subvención iría destinada ás seguintes liñas: asesoría xurídica, atención psicolóxica e axente de igualdade.

A solicitude desta subvención non implica gasto algún para o Concello.

3. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00015372C.

Dación de conta do outorgamento dunha subvención para financiar o espectáculo “Fogos do Apóstol 2021”.

Dase conta da concesión polo Consorcio da Cidade de Santiago ao concello dunha subvención por importe de 300.000 euros destinada a financiar o deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno “Fogos do Apóstolo 2021”, a desenvolver os días 24 e 31 de xullo de 2021.